

Follas do Cineclub | 28 /06/2017

Marcado para matar
(殺しの烙印 [Koroshi no rakuin],
Seijun Suzuki,
Xapón, 1967, 91', VOSG)

04

(tirado de Rayns, Tony: *Branded to Kill: Reductio Ad Absurdum* en <https://www.criterion.com/current/posts/2096-branded-to-kill-reductio-ad-absurdum>)

Marcado para matar pasou a ser lendario como o filme que conseguiu que Seijun Suzuki fose despedido de Nikkatsu. Tamén ten unha reputación como deconstrución delirante e absurda do xénero criminal. Sendo iso máis ou menos certo, o trasfondo é algo máis complicado. Talvez deberiamos comezar por bosquejar como chegou Suzuki a ese punto na súa carreira, forzado a deixar unha importante compañía para facerse independente. El foi un deses directores que se toparon facendo cinema porque caeron na conta de que non eran moi bos en ningunha outra cousa. Os seus estudos universitarios (en Aomori, porque non puido acceder a ningunha facultade de Tokio) foron interrompidos pola chamada a filas en 1943; como soldado raso de segunda na Armada Imperial, naufragou dúas veces e despediu a guerra como analista meteorolóxico. Sen moito que facer tras a rendición, fixo o exame de ingreso da Compañía Shochiku e foi contratado en outubro de 1948. Puxérono a traballar de asistente de dirección no Estudio Ofuna, da mesma compañía.

Máis tarde, en 1954, foi parte do éxodo da Shochiku á Nikkatsu. A Nikkatsu, a produtora de filmes máis vella de Xapón, fora forzada a pechar durante a «racionalización» governamental da industria do cinema en tempos de guerra; reabriu en 1954, determinada a recapturar a súa gloria anterior. Outros que fixeron a viaxe de Shochiku a Nikkatsu foron Yuzo Kawashima e Shohei Imamura. Todos eles víronse atraídos pola promesa de traballar para unha Compañía menos obsesionada e rixida que a Shochiku; a relanzada Nikkatsu pretendía ser máis libre, máis popular, e menos atada á audiencia feminina. Un guión de Suzuki pasou á etapa de produción ao ano da súa chegada, e pouco despois permitiúselle comezar a dirixir, en 1956. Fixo musicais pop, comedias, cinema de acción e filmes de guerra a un ritmo de tres ou catro cada ano. En 1967, a conta incrementara a non menos de trinta e sete. *Marcado para matar*, feita ese ano, foi o seu filme número corenta.

Suzuki atopou varios espíritos xemelgos entre os seus colegas da Nikkatsu; estableceu fortes vínculos con dous compañeiros, «piratas de serie B»: o director Chusei Sone e o escritor e crítico Atsushi Yamatoya, que compartían o seu sentido do humor e o crecente desprezo polos libretos banais que emerxían do departamento de guión da Compañía; entre os tres formaron unha especie de identidade colectiva á que chamaron Hachiro Guryu. Máis tarde o deseñador de produción Takeo Kimura, co-creador de varios dos toques visuais máis rechamante de Suzuki, converteuse noutro estreito aliado. Pero Suzuki estaba cada vez máis insatisfeito coa súa posición. Unha vez díxome, con público diante, o molesto que estaba polo feito de que a Nikkatsu constrinxise os seus esforzos ao gueto da serie B mentres a directores «menos talentosos» como Imamura lles daban proxectos e presupostos de serie A. A súa particular aversión por Imamura fora exacerbada polo costume da Nikkatsu de programar os filmes de serie B de Suzuki

cos de serie A de Imamura: *O moicante de Kanto co'A muller insecto; Historia dunha prostituta con Intencións homicidas*. A Suzuki asignábaselle o puntual proxecto «de prestixio», como o remake de 1964 da novela de Taijiro Tamura *A porta de carne*, pero a Nikkatsu ignoraba polo xeral as súas ambicións e o trataba como un xornaleiro. Isto, xunto coa mediocre calidade da meirande parte dos guiños que lle eran entregados, provocaba unha certa frustración e sen dúbida o empurraban a «divertirse» cos filmes que lle asignaban. De 1963 en adiante, a meirande parte deles contiñan elementos de estilización, parodia e humor absurdo. Cara 1966 a Nikkatsu estaba a advertirlle de que «xogase limpo».

Marcado para matar for estreada como serie B nos circuitos da Nikkatsu o 15 de xuño de 1967, pero non durou moito nas salas. O presidente da compañía, Kyusaku Hori, odiaba o filme e retirouno da distribución tan pronto remataron as primeiras datas, e ordenoulle ao seu persoal de produción que parasen de asignarlle proxectos a Suzuki. O 25 de abril de 1968 Hori fixo que unha secretaria chamase a Suzuki a casa para informarlle que ían parar de pagarlle o seu salario mensual. Suzuki acudiu primeiro na procura de axuda ao Gremio de Directores de Xapón (que inmediatamente interpuxo unha protesta ante a Nikkatsu), e máis tarde denunciou á compañía por incumprimento de contrato, despido improcedente e danos persoais. Suzuki tamén recibiu o apoio dun grupo de estudantes encabezado por Kazuko Kawakita, máis tarde célebre como co-presidente da Organización Shibata, que representou a Nagisa Oshima e a outros directores radicais no estranxeiro. Quixeron organizar unha «maratón Suzuki» no Teatro Shinjuku Bunka, que cara 1968 convertérase no epicentro da cultura cinematográfica alternativa de Tokio. Pero Hori rexeitou a deixarlles as copias, o que levou a ruidosas manifestacións ao pé das oficinas da Nikkatsu.

Os procesos xudiciais desenvólense de maneira lenta en Xapón, e Suzuki non gañou a súa demanda ata 1971. No transcurso saíron á luz varios datos interesantes sobre o Consello da Nikkatsu. Un foi que *Marcado para matar* fora producida con pouca antelación para reenchener un oco no plan de estreas da Nikkatsu causado pola cancelación doutro filme. Suzuki reunírase cos seus amigos do grupo Hachiro Guryu para traballar nun apresurado guión e axudar á Compañía a saír do problema. Tamén se fixo público que Hori e o Consello da Nikkatsu estiveran encubriendo enormes perdas durante varios anos, e que a decisión de despedir a Suzuki fora planeada para facelo pasar por chibo expiatorio dun fracaso comercial que servise de advertencia aos demais directores baixo contrato da compañía. Menos dun ano despois da resolución xudicial a favor de Suzuki, a Nikkatsu (entón cun novo presidente) reinventouse de cara ao público como produtora de filmes *softcore*. Por suposto, non era a única compañía sufrindo perdas; toda a industria cinematográfica xaponesa estaba en problemas a finais dos 60, dado que a televisión se fixera coas masas da audiencia.. Todas as principais produtoras -incluso a Shochiku- experimentaron con filmes que lle daban moito bombo ao sexo e a violencia para darlle ao público algo que non poderían ter na televisión, pero a Nikkatsu era a única que estaba en franca bancarrota.

Dadas as circunstancias, resultaba dificilmente sorprendente que *Marcado para matar* rematase por ser o filme máis «inusual» que Suzuki fixo na Nikkatsu. *O vagabundo de Tokio*, do ano anterior, xa parodiara as convencións do

BRANDED TO KILL: REDUCTIO AD ABSURDUM

TONY RAYNS

xénero yakuza cun torrente de violencia estilizada, gags visuais, cancións incongruentes e secadores de pelo, e retorcidos efectos de cor. *Marcado para matar* (que tamén podería traducirse como como «marca» ou «sociedade de asasinatos») deconstrúe o xénero criminal tan minuciosamente que o filme remata por parecerse á súa contemporánea *Made in USA* (1966), o filme máis fragmentado de Jean-Luc Godard. Pero Suzuki e os seus colegas de Hachiru Guryu xogaron máis limpo coa Nikkatsu do que Godard fixo co seu produtor, Georges de Beauregard: eles polo menos proveren as contornas dunha trama convencional. Semella que os argumentos que xiran en torno ás xerarquías e rangos dos baixos fondos chegaron a Xapón por vía chinesa, onde varios emperadores e nobres tiñan fama de estar obsesionados con ser ou posuír o «número 1» nun sector ou outro (o gran director chinés King Hu satirizaba o síndrome no seu tardío filme *Todos os homes do Rei*, de 1983).

Arredor da data na que Guryu Hachiro chegaron á idea do «número 3» dos asasinatos dos baixos fondos de Tokio e a súa obsesión neurótica con ascender de rango ata o cumio, o autor taiwanés de wuxia Gu Long xogaba con similares elementos narrativos na súa novela *O amplo horizonte, a lúa brillante, o coitelo*, filmada de xeito brillante por Chu Yuan para a Shaw Bros. n' *O coitelo máxico* (1976) Como Gu, os escritores de *Marcado para matar* xogan co tema da dúbida existencial (é o concepto preciso do sicario de máis alto rango unha quimera?), mentres deléitanse nunha serie de trampas, traizóns e enganar cos que o protagonista se atopa ao embarcarse na procura do seu ascenso. Evidentemente Suzuki estaba contento de deixar que a trama se fixese cargo de si mesma. A única secuencia narrativa prolongada en todo o filme é o xogo do gato e o rato entre os dous sicarios no estadio de boxeo Etsuraku-en, e incluso esta atópase cruzada por alucinacións. Alén dese momento, o director prefire saltar duns momentos destacados a outros por corte directo, como se estivese editando un tráiler de noventa e un minutos, utilizando a amena banda sonora romántica de Naozumi Yamamoto para tapizar as elipses. Omite alegremente toda exposición: ningunha preparación de escena, ningunha aclaración de quen son os personaxes, ningunha explicación das tácticas ou métodos de traballo dos sicarios de Hanada. Todos eses detalles danse por sentados; Suzuki asume que o espectador xa coñece previamente todos eses elementos xenéricos.

Esta estratexia déixao libre para perseguir os toques visuais e as sorpresas conceptuais que lle interesan e, de xeito incidental, ridiculizar os aspectos do xénero que o aburren. É a aproximación «deconstrutiva», a veces semella máis unha demolición, o que fai posible reducir os personaxes a cifras e a acción a abstracción. De aí a esposa desleal e traizoeira, a mórbida *femme fatale*, o sicario con problemas de alcolismo que posuíu o máis alto rango e desexa retornar, e todo o resto. As escenas de acción,

concentradas na primeira media hora establécense nunha terra de ninguén de exteriores de arbustos e búnkeres de formigón, e contan coa aparición especial do que semella unha descoidada vila señorial propia dun filme do oeste. Suzuki non fai esforzo ningún para construír un espazo crible para os tiroteos; nunca sabemos onde están os personaxes en relación os uns dos outros ou de onde veñen os tiros, e axiña xa non nos importa.

O filme adéntrase aínda máis na abstracción en escenas como o intento de Hanada de seducir á misteriosa Misako, aparentemente a súa salvadora, que insiste que o seu soño «é morrer» e que ten un canario morto a modo de colgante no espello retrovisor traseiro do seu automóbil. O apartamento de Misako semella, nunha primeira ollada, unha instalación artística, cunha morea de paxaros e bolboretas mortas, algunhas delas titilando brevemente de volta á vida. A embestida sexual de Hanada coa muller é tórrida e tortuosa, aparentemente agonizante para ámbalas dúas partes. Remata cando ela lle dispara. Tras un breve descanso fóra, el volve a un apartamento libre de paxaros e bolboretas. Poderíase racionalizar o estraño decorado anterior como a alucinación de Hanada, pero por que queríamos facelo?

As máis célebres das moitas escenas do filme son os tres axustizamentos que Hanada leva a cabo para o seu xefe, Yabuhara: un a través dunha carteleira publicitaria mecánica móbil (idea probablemente afanada de *Desde Rusia con Amor*), outro a través da cañaría na cirurxía dun oftalmólogo, o terceiro unha oficina cun globo de aire quente fóra da fiestra. Saberemos algún tempo despois que as tres vítimas metéranse nun chanchullo de contrabando de diamantes e polo tanto merecían morrer, pero os disparos propiamente ditos preséntanse sen preámbulos ou explicacións, simplemente como momentos dunha emocionante viaxe. Jim Jarmusch quedou tan impresionado que citou un deles en *Ghost Dog*.

A mellor de todas as brincadeiras é a deconstrución do páldio Joe Shishido, a resposta da Nikkatsu ao Bunta Sugawara da Toei Company. Como Hanada, este «tipo duro» arquetípico de serie B pasa a meirande parte do filme ferido e mentalmente marcado pola súa ambición sen sentido de ser o número 1. Finalmente precisa inhalar o recendo do arroz fervido para estimular a súa libido. As dúas mulleres da súa vida intentan matalo, e o seu xefe téndelle unha trampa convertíndoo en vítima. Sufre un colapso total nas derradeiras escenas, primeiro asediado no seu propio apartamento, despois atrapado nunha estraña relación de parella co seu asasino e finalmente reducido a despoxo farfullante no estadio de boxeo. Ningún heroe de acción foi nunca menos heroico. Un home absurdo nun filme deliciosamente absurdo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

7 DE XUÑO

Os mellores temas
 (Los mejores temas, Nicolás Pereda, México/Canadá/
 Países Baixos, 2012, 103', VO)

21 DE XUÑO

Estación do Cairo
 (محطة القاهرة [Báb al-Hadid],
 Youssef Chahine,
 Exipto, 1958, 77', VOSG)

14 DE XUÑO

O reno branco
 (Valkoinen peura, Erik Blomberg,
 Finlandia, 1952, 74', VOSG)

28 DE XUÑO

Marcado para matar
 (殺しの烙印 [Koroshi no rakuin],
 Seijun Suzuki,
 Xapón, 1967, 91', VOSG)